

ACTA 4ª DA MESA DE CONTRATACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DO CONTRATO DE OBRAS: AMPLIACIÓN DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE DEPORTES, SITO NA ALDEA DE PEDROUZOS.

Asistentes:

Presidente: Pablo Lago Sanmartín, alcalde.

Vogais:

- . Javier Nieves González, secretario.
- . Ana Isabel Candame Areosa, interventora.
- . Mª Dolores Torrado Ares, técnica de administración local.

Secretario: Julio Mallo Nieto, informático municipal.

Na Casa do Concello de Brión sendo ás 9,00 horas do día 13.05.2024, reúnese a Mesa de Contratación designada para a contratación mediante procedemento aberto simplificado das obras referenciadas.

Constitúe o obxecto da presente reunión proceder ao exame da documentación aportada pola empresa clasificada en primeiro lugar no procedemento arriba indicado, ao obxecto de comprobar que a mesma cumpre cos requisitos necesarios para propoñer ao órgano de contratación a adxudicación da devandita obra.

Con data 17.04.2024 a Alcaldía aprobou a clasificación de ofertas e requirimento de documentación á empresa clasificada en primeiro lugar CRECHE CONCEPT INVEST S.L.

Dito acordo foi notificado a través da Plataforma de Contratación do Sector Público o 18.04.2024 á empresa clasificada en primeiro lugar.

Con data 29.04.2024 a empresa clasificada en primeiro lugar, CRECHE CONCEPT INVEST S.L.

presenta en prazo a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP) a seguinte documentación:

- . Certificado de inscrición no ROLECE.
- . Certificado de seguro de R.C.PYME, de Allianz Seguros Póliza nº: 55111759.
- . Escritura publica de compravenda de participacións e acordos sociais (cese e nomeamento de administrador único e traslado de domicilio social). Protocolo 1702, de data 30.11.2022, onde consta como constituída a empresa o 24 de abril de 2019.
- . Declaración responsable de que se dispón efectivamente de todos os medios adscritos á execución obra, tanto materiais como persoais, necesarios para a correcta execución do contrato e que xustifica os seguintes medios técnicos con experiencia demostrable de máis de dez anos de traxectoria: Encargado: D. Manuel Reyes Ramírez. Arquitecto técnico: Manuel Alcalá-Zamora Bueno técnico en prevención de riscos laborais e encargado do control de calidade.
- . Solicitud de que por falta de tempo necesario para a formalización dunha liña de avais coa aseguradora ORES y BRYAN, debido a que é unha empresa de nova creación, lle sexa practicada retención no prezo do contrato, como medio de constitución da garantía definitiva, ata o importe total do 5% sobre o prezo de adxudicación na primeira factura ou, no caso de non ascender esta á contía suficiente, nas seguintes.

A Mesa de Contratación en sesión de data 02.05.2024 analizada a documentación presentada, considera que non cumpre cos requisitos necesarios para que lle sexa adxudicada a devandita obra, acordando:

1º) Propoñer ao órgano de contratación a desestimación da solicitude do interesado para a constitución da garantía definitiva mediante retención no prezo, posto que consonte co establecido no art. 108 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, esta posibilidade só se admite cando así se prevexa nos pregos de cláusulas administrativas particulares, debendo o prego de cláusulas administrativas particulares fixar a forma e condicións da retención, e como toda vez que nos pregos non figura nin a forma nin as condicións da retención, non pode admitirse.

2º) Que se conceda ao interesado un trámite de subsanación para que no prazo de tres días hábiles a contar desde o día seguinte ao envío do requirimento, presente a garantía definitiva polo 5% do prezo final ofertado, excluído o imposto sobre o valor engadido, polo importe de: 22.000,00 euros, por calquera dos medios a que se refire o art. 108.1 apartados a), b) ou c) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público. Se formulase a garantía definitiva a través de Aval Bancario, poderá presentar a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, unha copia de dito aval, debendo entregar o aval orixinal na Tesourería municipal dentro do prazo para presentar a documentación.

De non presentarse a citada documentación no prazo conferido non se poderá proceder a adxudicación do contrato, procedéndose a solicitar a documentación ao licitador seguinte pola orde en que quedaron clasificadas as empresas.

Por resolución da alcaldía do 03.05.2024 aprobouse a proposta da Mesa de Contratación, sendo requirida a empresa CRECHE CONCEPT INVEST S.L. con data 06.05.2024 a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, para que no prazo concedido que rematou con data 10.05.2024 presentase a garantía definitiva.

Resultando que a interesada non presenta dentro do prazo de subsanación concedido ningunha documentación, senón que presenta unha solicitude de ampliación do prazo concedido de tres días hábiles por outros tres días hábiles máis.

Considerando que o prazo concedido para subsanación xa tiña a consideración de excepcional.

Considerando que estamos ante un procedemento de concorrencia competitiva e cunha ampliación do prazo se estarían a prexudicar dereitos de terceiros.

Considerando que non se pode conceder unha ampliación de prazo de tres días hábiles por outros tres días hábiles, a Mesa de Contratación por unanimidade, acorda:

1º) Propoñer ao órgano de contratación a desestimación da ampliación de prazo solicitada e polos motivos expostos.

2º) Comunicar a resolución que se dite ao interesado para o seu coñecemento e efectos consonte co disposto no art. 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3º) Que se proceda a solicitar a documentación establecida no prego de cláusulas administrativas ao licitador seguinte pola orde en que quedaron clasificadas as empresas, que corresponde á empresa SOTEGA NOROESTE S.L.

4º) Logo de comprobado no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público que a empresa SOTEGA NOROESTE S.L., está debidamente constituída, o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta, e non está incurso en ningunha prohibición de contratar, **requirir á empresa SOTEGA NOROESTE S.L, para que no prazo de sete días hábiles**, contados desde o día seguinte ao envío a través da Plataforma de Contratación do Sector Público do requirimento, presente a través de dita Plataforma, a seguinte documentación:

1-. Acreditación da solvencia económica e financeira, e da solvencia técnica, ou no seu caso, a clasificación correspondente, segundo o previsto na cláusula 7 do PCAP.

2-. A constitución da **garantía definitiva** polo 5% do prezo final ofertado, excluído o imposto sobre o valor engadido, **polo importe de: 22.058,55 euros**, por calquera dos medios a que se refire o art. 108.1 apartados a), b) ou c) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

Se formulase a **garantía definitiva** a través de Aval Bancario, poderá presentar a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, unha copia de dito aval, debendo entregar o aval orixinal na Tesourería municipal dentro do prazo para presentar a documentación.

De non presentarse a citada documentación no prazo conferido non se poderá proceder a adxudicación do contrato, procedéndose a solicitar a documentación ao licitador seguinte pola orde en que quedaron clasificadas as empresas.

Remata o acto sendo as 10,12 horas.

Non formulándose reclamación de ningún tipo, esténdese a presente acta que logo da súa lectura, asina a Mesa de Contratación en proba de conformidade, do que como secretario, certifico.